

---

**O grupo municipal do PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.4532-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

---

## MOCIÓN DE ATENCIÓN A LEXÍTIMA RECLAMACIÓN VECIÑAL DE DOTACIÓN DE SANEAMENTO EN DIVERSOS LUGARES DA PARROQUIA DE SAN CLEMENTE

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Primeiramente corresponde facer, nesta moción, reprodución literal da exposición de motivos redactada polos veciños para o seu traslado os medios con motivo dos actos de protesta do pasado fin de semán:

*“O que puxo en pé de guerra á xente foi por un lado que máis do 50% dos veciños da parroquia carecemos de saneamento público, e por outro lado as reiteradas promesas e mentiras que por parte do actual alcalde, Juan Manuel Rey, se nos viñeron facendo e que sistemáticamente e ano tras ano nos ven enganando e pretende seguir tomándonos o pelo.*

*Ó mesmo tempo faise para que tamén tomen nota os demáis futuribles alcaldes, porque este movemento veciñal non vai parar mentres non se logren os obxectivos.*

*O saneamento do lugar de Igrexa fai 19 anos que se empezou e segue sen rematarse. No ano 2008, con motivo da inauguración do centro social, comprometeuse a rematalo entre finais do 2009 e principios do 2010 asegurando que se recollerían nos presupostos do concello. NON FIXO NADA DE NADA.*

*No ano 2011 e 2015, con motivo das eleccións municipais, volveu a propoñer de novo o saneamento.*

*Salíu reelixido pero olvidouse por completo do comprometido e non fixo NADA DE NADA.*

*A mediados do 2016 convocou aos veciños, xunto a nave da traída de augas, e asegurou que entre ese ano e o seguinte quedaría finalizado pero non fixo NADA DE NADA.*

*No ano 2019, con motivo das eleccións municipais, volveu a prometer de novo a súa construción pero unha vez máis non fixo nin un só metro.*

*Agora no 2023 e xa en vísperas das eleccións volve a insistir no mesmo pero xa estamos fartos de tanta falsedade e burla.*

*No ano 2011 botoulle a culpa a Augas de Galicia e a Carreteras alegando que non habían dado autorización. A proba de que mentía é que aos poucos meses preguntámoslle ao 1er Teniente Alcalde si todavía non habían chegado os permisos e contestounos que os permisos xa habían caducado e tíñanos que pedir de novo.*



C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º  
36650 Caldas de Reis  
Pontevedra

T. 621224620  
E. info@ppcaldas.es

 @ppcaldasdereis  
 @pp\_caldasdereis  
 @pp\_caldasdereis  
 621 224 620  
 ppcaldas.es

*Anos despois chegou a botarlle a culpa aos propios veciños porque non habían autorizado o pase polas súas fincas. Alguén llo pideu? Quen llo tiña que haber pedido? A pesares delo, o presidente e tesorero da Comunidade de usuarios de auga foron porta por porta e ninguén se opuso ao paso pola súa propiedade.*

*O 28 de setembro de 2022, nunha entrevista a toda páxina no Diario de Pontevedra, aseguraba que “xa había conseguido cumprir todos los objetivos planteados con casi un año de antelación” (adxúntase copia).*

*Hai que ser hipócrita!*

*Dixo que tan pronto tivese a autorización dos veciños que ía a empezar. Pasaron os meses e NADA.*

*Despois dixo que o problema era PATRIMONIO e que ao día seguinte de ter a autorización xa empezaba, pero NADA.*

*Fai uns días e ao enterarse que íamos a tomar medidas contra él pola tomadura de pelo, buzoneou unha nota informativa na que de novo nos volve a enganar:*

- *Di que os permisos dos veciños os conseguiu él e eso é FALSO.*
- *Di que adxunta autorización de PATRIMONIO e é FALSO.*
- *Di que espera cita co notario para formalizar a compra da finca e de novo minte xa que aínda non a comprou.*

*Si ten financiación como di, entón por que non fai a obra? A compra da finca non impide que se faga a canalización que falta. Que se deixe de mentir e enganar! Xa non aguantamos máis!*

*Algo parecido pasa cos lugares de Casaldrago e Ribocias. Na asemblea da Comunidade de Montes do ano 2008 informa, e consta en acta, que o saneamento de estos lugares se acometerá xunto cos de Casaldeirigo e Cernadas cando a Xunta de Galicia o autorice. Pois os lugares de Casaldeirigo e Cernadas (do concello de Valga) xa levan tempo co saneamento funcionando e os de Ribocias e Casaldrago nin se empezaron.*

*No ano 2015 volveuno a levar no programa electoral (se adxunta copia) pero NADA DE NADA. Sempre poñía algunha desculpa.*

*Agora, en vísperas das eleccións, de novo insiste e di que se vai a facer xa. Aos veciños de Casaldrago díxolles igual que aos da Igrexa, que estaba pendente da compra do terreo para ubicar a depuradora e que tan pronto o adquira xa empezaba.*

*Si tivese vontade de facelo xa hai tempo que tiña que haber feito toda a canalización, polo menos ata pasar a última casa, dado que a compra da finca é o que menos urxe. Si non é unha finca, é na outra ou na seguinte. Que se deixe de seguir enganando!*

*No lugar de Faramentáns tampouco se fixo nada de nada. Lévaos proposto desde o ano 2015.*

*Primeiramente dixo que era porque algúns veciños non se poñían dacordo na posible ubicación, ante o que a Comunidade de Montes acorda a cesión ao Concello dun terreo xunto a carretera que vai hacia Fieitoso, pero nin así. Non fixo nada de nada.*

*Si ten, como di, millóns de euros de remanente de tesourería, que lle impide levala a cabo?*

*En 15 anos non fixo nin un só metro de saneamento na nosa parroquia. Todo son promesas, mentiras, cuentos, enganar e burlas pero ata aquí chegamos. Juan Manuel Rey Rey converteuse no auténtico rey das mentiras.”*



C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º  
36650 Caldas de Reis  
Pontevedra

T. 621224620  
E. info@ppcaldas.es

 @ppcaldasdereis  
 @pp\_caldasdereis  
 @pp\_caldasdereis  
 621 224 620  
 ppcaldas.es

Tras este resumo feito polos veciños de San Clemente, que consiste nunha fiel descrición de todo o acontecido nestes 15 últimos anos nesta parroquia temos que destacar que o ano pasado presentamos unha moción o Pleno do 31/3/2022 denominado moción sobre o estado de cumprimento dos compromisos do goberno local no lugar de Igrexa en San Clemente, logo dunha petición dos veciños, e resultou aprobada por unanimidade, logo fomos directamente, representantes das tres forzas políticas, a unha reunión cos veciños reclamantes no local social de San Clemente e o Alcalde voltou a comprometerse con que se os veciños conseguían as cesións das parcelas afectadas pola obra, el comezaba de forma inmediata, así o dixo diante de todas as forzas políticas e dos veciños, e naquel momento non manifestou que existiría problema algún de autorizacións, tan só faltaban as cesións, e pese a non ser competencia dos veciños facer as peticións os propietarios, eles cumpriron as conseguiron e as presentaron na Alcaldía e dende aquela nada.

E como isto é unha mostra mais das mentiras do Alcalde, do pasotismo, de escoitar na prensa como reitera que está o 85% do Concello saneado, algo que xa dicía fai 10 anos, e como creemos que debemos acudir as forzas políticas en axuda dos veciños para que poidan ver como se defenden as súas lexítimas reclamacións en sede plenaria e polo que decidimos trasladar esta moción, para abrir o seu debate e que os veciños poidan participar.

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

#### **PROPOSTA DE ACORDOS:**

(Voltamos a presentar a mesma que a do 23 de marzo de 2022 por estar plenamente vixente)

Valoración do estado de cumprimento dos compromisos do Goberno Local con lugar da Igrexa na parroquia de San Clemente, especialmente o saneamento, e no caso dos que non estean cumpridos, e foron asumidos no seu día, se acorde a execución inmediata das obras, especialmente do saneamento.

En Caldas de Reis a 19 de abril de 2023  
O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR** de Caldas de Reis



C/ Juan Fuentes Echevarría, Nº 3-5 1º  
36650 Caldas de Reis  
Pontevedra

T. 621224620  
E. info@ppcaldas.es

f @ppcaldasdereis  
@pp\_caldasdereis  
@pp\_caldasdereis  
621 224 620  
ppcaldas.es